



A Creba do Galego na Galiza Medieval

Sae este novo número de Murguía, Revista Galega de Historia en pleno Ano da Memoria. Un ano no que se cumpre o setenta aniversario do golpe militar reaccionario que pretendía a queda dun tempo de ilusión e modernización, cal foi a II República. Contodo, tamén neste ano celebramos o setenta aniversario do plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza, refrendado maioritariamente pola sociedade galega da altura.

- 16:41 18/09/2006

Luces e sombras, en consecuencia, que nos retrotraen a un tempo que socioloxicamente fica máis próximo a nós do que aparentemente se puidera pensar. Dalgunha maneira podemos aseverar que estamos nun intre histórico que parece querer enlazar coa primeira metade da década dos trinta do pasado século, en canto que hai intentos serios de modernización nacional desde o goberno galego. Neste senso, e desde estas páxinas, queremos contribuir a esa modernización, entendendo que esta non pode deixar de ter presente as experiencias históricas de interese que xa se ensaiaron no noso país, ao igual que outras desenvolvidas noutras latitudes. Neste intre, cando se está a buscar a utilidade da denominada Cidade da Cultura, ubicada no compostelán monte Gaiás, entendemos que sería altamente enriquecedor volver a ollada cara a Galiza dos anos vinte. Naquela etapa nacía o Seminario de Estudos Galegos. Entre as súas características a grande ilusión dos seus fundadores, a dimensión nacional do proxecto, o servizo popular dos seus estudos e os poucos medios cos que contaba. Son características que debora ter a Cidade da Cultura, exceptuando a última cuestión; de feito a carencia de medios pola que pasou o glorioso Seminario é algo do que non sabe esa pretendida metrópole cultural. Sendo como é unha herdanza difícil de dixerir que lle tocou ao novo goberno galego, o certo é que hai que asumir con responsabilidade o  presente . Parécenos correcta a actitude que inicialmente adoptou a Xunta á hora de asumir a responsabilidade da xestión da Cidade da Cultura, destacando a apertura dun debate público para determinar o qué facer. A nosa postura é que, recuperando ese espírito que presidía as actuacións do Seminario de Estudos Galegos, se tente dotar a Galiza dunha serie de infraestruturas acordes co que a nosa sociedade demanda e precisa en termos culturais. Neste senso, é urxente o artellamento dun grande Arquivo Nacional Galego. É preciso que se senten as bases da Fonoteca Nacional de Galiza. Para alén disto, urxe dar cobertura infraestrutural ás iniciativas culturais que, tendo ámbito nacional de actuación, fican sen sedes sociais estabéis e locais para traballaren de xeito regular. Sería esta unha maneira de, por unha banda, paliar unha carencia que fai por veces poñer en perigo a existencia de entidades culturais enormemente interesantes e, por outra, encher de vida, de cultura, a Cidade da Cultura. Desde logo, tampouco estaría de máis que, alén de resgatar os valores nos que se asentaron as bases do Seminario de Estudos Galegos, tamén esta institución revivira e tivera a súa nova sé na devandita metrópole.

No presente número de Murguía, Revista Galega de Historia, non quixemos pasar por alto a vinculación de Xulio Verne co noso país no seu aniversario. Neste senso o contemporaneista Prudencio Viveiro danos conta da presenza do autor galo no 1878 en Galiza. Viveiro comparte sección de Fontes con Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, presidente do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, quen nos retrotrae ao importante pronunciamento do 1846 do xeneral Miguel Solís y Cuetos. Solís abandeirou o que foi unha **◆ insurrección del país gallego ◆**, segundo a prensa da época, dando lugar a unha brutal resposta por parte do goberno do xeneral Narváez. A continuación, no apartado Investigacións, recolleemos as ponencias presentadas nas segundas xornadas de historia de Pontevedra, artelladas pola concellería de Cultura da devandita vila. Nestas o medievalista Anselmo López Carreira introdúcenos nos movementos sociais na Galiza do século XV para o catedrático emérito da USC José García Oro tratar sobre os bispos e cabaleiros na mesma época. Carlos Barros, profesor titular da USC preséntanos as conclusións ás que ten chegado nas súas investigacións en relación aos Irmandiños xunto á doutora Alexandra Cabana Outeiro que aprofunda na raíz histórica da suplantación na escrita da lingua propia da Galiza polo castelán no 1500. Por último, nesta sección o profesor da Universidade do Porto, doutor João Paulo Cabral, achéganos a explotación dos recursos marisqueiros na Illa da Ínsua no marco da comunidade franciscana asentada nesta entre o séculos XVII e XIX.

Na Entrevista centra o noso interese Antón Moreda Rodríguez, que fora fundador das Mocidades Galeguistas nos anos cincuenta á calor dos galeguistas exiliados en América do Sul e secretario xeral do Consello da Mocidade fundado en Santiago de Compostela no 1963. Na sección Lembranzas traemos á primeira liña a Antón Vilar Ponte, animador e membro desde os seus inicios das Irmandades da Fala, nun seu texto publicado no 1916 e que versa sobre o interese e necesidade do movemento irmandiño. En Museos e Arquivos presentamos o Centro de Interpretación Arqueolóxica do Barbanza, sito no concello de Boiro e próximo aos Castros do Neixón. Por último, nas Lecturas o profesor Alberto Lago Villaverde reseña a obra O Reino Medieval de Galicia, da autoría do noso colaborador Anselmo López Carreira e o arqueólogo Mario César Vila fai o propio coas obras Aproximación á arquitectura doméstica de Lucus Augusti, de Enrique González Fernández e O comercio de terra sigillata na provincia da Coruña de María Catalina López Pérez.

Galiza, primavera do 2006